

## CAMPAÑA DE VIXILANCIA PERIÓDICA DA SAÚDE PARA O ANO 2025 NO ÁMBITO DA ADMINISTRACIÓN XERAL DA XUNTA DE GALICIA (04/02/25)

### Inscrición:

- Comeza o **5 de febreiro e termina 5 de xuño**.
- Realízase telematicamente no **PORTAX** (Portal do Empregado Público da Xunta de Galicia) ou do **OPAX** (Oficina virtual do persoal da Administración de Xustiza).



No DOG do 4 de febreiro :

[RESOLUCIÓN do 14 de xaneiro de 2025, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se dá publicidade á campaña de vixilancia periódica da saúde para o ano 2025 no ámbito da Administración xeral da Xunta de Galicia](#)

### Ámbito de aplicación:

Administración xeral, agás o que presta servizo en centros docentes da C. de Cultura, Educación, formación profesional e Universidades, SERGAS, entes públicos, Fundacións.

### INSCRIPCIÓN E PRAZOS:

A inscrición previa realízase **de forma telemática** no formulario de petición de recoñecemento, que está dispoñible no **PORTAX** (Portal do Empregado Público da Xunta de Galicia) ou do **OPAX** (Oficina virtual do persoal da Administración de xustiza).

A inscrición debe incluír todos os datos que figuren no formulario. A falta dalgún deles impedirá a tramitación da solicitude.

Toda inscrición xerará un xustificante do consentimento que se deberá presentar o día concertado para realizar a vixilancia da saúde.

O prazo de **inscrición rematará transcorridos 4 meses contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG**, agás:

- Persoal de nova incorporación
- Persoal que se incorpore ao traballo tras unha ausencia prolongada por motivos de saúde
- Persoal que durante o prazo de solicitude estea gozando das vacacións.

Nestes supostos deberá presentarse a debida xustificación ante o Servizo de Prevención de Riscos Laborais.

